

CICLO

Seíam'eu... en San Simón A CULTURA MEDIEVAL Á LUZ DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Illa de San Simón

Redondela

Venres, 26 de abril de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O Consello da Cultura Galega e o Concello de Redondela comezan con esta xornada un ciclo conxunto que, en forma de simposio e baixo a denominación xenérica “Seíam'eu... en San Simón”, terá lugar con carácter anual nesa illa.

O ciclo escolleu como sede un emblemático ‘lugar de memoria’ construído como tal dende os albores da nosa cultura e centrarase en dúas liñas de traballo principais: a cultura medieval, evocada por Mendiño, o cantor da illa, e a memoria da emigración e do exilio, que deixou fonda pegada en San Simón e na súa contorna.

Consonte esta dupla vocación, nesta primeira xeira o simposio ten como obxectivo avaliar a contribución das chamadas ‘humanidades dixitais’ ao mellor coñecemento e divulgación da cultura medieval, nas súas diferentes facetas, da música á literatura, pasando polo patrimonio. Especialistas destas materias reúnen en San Simón para poñer en común as súas experiencias no uso desas ferramentas que abren posibilidades extraordinarias, non só para os avances científicos senón para a democratización do coñecemento e o gozo dos nosos bens culturais. Reflexionarase logo sobre os desafíos que supón divulgar hoxe a música medieval, ou editar os cancioneros, pero tamén contemplaremos cunha nova ollada algúns tesouros do noso patrimonio material, das igrexas altomedievais ao recentemente restaurado Pórtico da Gloria.

PROGRAMA

10:30 horas. Inauguración

10:45 horas. *A restauración do Pórtico da Gloria*
Daniel C. Lorenzo Santos, director da Fundación Catedral de Santiago

Ramón Yzquierdo Peiró, director técnico-conservador do Museo da Catedral de Santiago

12:15 horas. Descanso

12:30 horas. *Unha reinterpretación das igrexas altomedievais galegas a partir de novas perspectivas metodolóxicas. Arquitectura, paisaxe e sociedade*

Rebeca Blanco Rotea, arqueóloga e coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

José Carlos Sánchez Pardo, Grupo de investigación Síncrisis, Universidade de Santiago de Compostela

14:00 horas. Fin da sesión da mañá

16:00 horas. *Divulgar e interpretar hoxe a música medieval*

Antoni Rossell, profesor de Filoloxía Románica e director do l'Arxiu Occità (Institut d'Estudis Medievals) da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)

17:00 horas. *O Universo Cantigas*

Graça Videira Lopes, Universidade Nova de Lisboa, Proxecto Littera

Leticia Eirín, UDC. Universo Cantigas

18:30 horas. Peche da xornada

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega
Concello de Redondela

LUGAR

Illa de San Simón
Redondela (Pontevedra)

Haberá un servizo de transporte marítimo para acceder á Illa que sairá ás 10:00 horas dende un peirao aínda por determinar en función das mareas. Informarase do lugar de partida ás persoas inscritas días antes da celebración do encontro. Ao remate da xornada (arredor das 19:00 horas) haberá un servizo de regreso.

Haberá un xantar na Illa para todas as persoas asistentes á xornada.

Está previsto un servizo de transporte ao remate da sesión da mañá e antes do inicio da xornada da tarde para aquelas persoas que o precisen e así o demanden.

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (80 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

